



Guía Docente				
Datos Identificativos				2016/17
Asignatura (*)	Comunicación oral	Código	613836052	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Galego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Galego-Portugués, Francés e Lingüística			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web				
Descrición xeral	Estudo das características diferenciais da comunicación oral, as súas técnicas e modalidades, con atención especial á comunicación oral en contextos formais.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Que o alumnado sexa quen de aplicar os contidos teóricos da materia (postos en relación cos das outras materias do mestrado) para desenvolver un pequeno traballo tutelado rigoroso en que demostre capacidade para a aprendizaxe autónoma e para a procura e xestión da información.	AI10	BI1 BI3 BI5 BI6	CM7
Após a lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo docente, ser capaz de emitir no obradoiro e nas discusións dirixidas comentarios valorativos madurecidos e fundamentados nas últimas investigacións do campo, respetando as opinións diferentes e establecendo con elas un diálogo produtivo.		BI1 BI2 BI3 BI8 BI10	CM4 CM6
O estudantado deberá realizar con solvencia, calidade de lingua e rigor expositivo a presentación oral do traballo tutelado diante dos seus compañeiros e das súas compañeiras e deberá igualmente emitir un xuízo sobre a das outras persoas do curso en que se ponderen as estratexias expositivas empregadas.		BI1 BI4	CM4 CM5
O alumnado deberá ser quen de traballar en grupo -presencial ou asincronamente- na procura e xestión de información especializada, no comentario de bibliografía específica, na análise de textos orais e na definición de estratexias comunicativas acaídas a un contexto concreto.	AI7	BI4 BI5 BI7 BI8	CM4 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. A comunicación e os seus tipos	1.1. Comunicación e linguaxe: a comunicación humana 1.2. Comunicación oral e escrita 1.3. Comunicación oral primaria e secundaria
2. A comunicación face a face	2.1. Comunicación verbal e non verbal 2.2. Caracterización xeral dos textos orais 2.3. A oralidade informal. Análise da conversación



3. A comunicación oral en contextos formais	3.1. Aspectos pragmáticos: texto e contexto 3.2. Tipoloxía de textos orais formais 3.3. O uso da lingua na oralidade formal
4. As intervencións e presentacións orais públicas	4.1. Preparación e técnicas de execución 4.2. Adecuación ao contexto comunicativo 4.3. O papel dos recursos tecnolóxicos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A6 A8 B7	10	0	10
Traballos tutelados	A7 A10 B1 B2 C6	2	16	18
Lecturas	B5 B6 B7 B10 C7	1	15	16
Obradoiro	B1 B2 B8 C5	7	7	14
Presentación oral	B8 B10 C1 C4	1	5	6
Discusión dirixida	B3 B4 C4 C6 C7 C8	7	0	7
Atención personalizada		4	0	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Presentación, desenvolvemento e análise de contidos teóricos e procedementais fundamentais para o alumnado atinxir as competencias e destrezas previstas na materia.
Traballos tutelados	Cada estudante deberá elaborar un traballo dirixido polo profesor e elixido entre un abano temático presentado no inicio do curso. Con este traballo, de que derivará unha presentación oral, preténdese fomentar a aprendizaxe autónoma e o manexo de fontes documentais de diverso tipo.
Lecturas	Cada estudante deberá facer ao longo do curso unha serie de lecturas obrigatorias que serán seleccionadas e, eventualmente, fornecidas polo profesor.
Obradoiro	Nestas sesións, o conxunto do alumnado realizará actividades de diferente tipoloxía destinadas á consolidación dos contidos presentados nas sesións maxistras, ben como das destrezas e das estratexias relacionadas cos obxectivos e contidos da materia.
Presentación oral	Exposición oral, na aula, en que cada estudante explicará a metodoloxía, desenvolvemento e resultados da pesquisa realizada no "Traballo Tutelado".
Discusión dirixida	O alumnado discute de forma libre, informal e espontánea sobre un tema relacionado coa materia, ora presencialmente ora de maneira asíncrona (a través da plataforma de traballo colaborativo da UDC). Entre os temas de discusión inclúense diversos aspectos das lecturas obrigatorias, segundo a distribución feita polo profesor.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Alén do labor de titorización realizado no horario de atendimento marcado polo profesorado responsábel da materia, a atención personalizada estará dirixida especialmente para o apoio á realización do "Traballo Tutelado". De maneira xeral, cada estudante asistirá polo menos a unha sesión de atendimento previa á exposición do traballo.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Discusión dirixida	B3 B4 C4 C6 C7 C8	Valorarase nomeadamente a participación activa nas discusións e a calidade das intervencións, tamén no relativo ás lecturas obrigatorias.	20



Obradoiro	B1 B2 B8 C5	Realización de actividades prácticas grupais derivadas das sesións maxistras (análise de textos orais, estudo de fontes documentais etc.).	30
Lecturas	B5 B6 B7 B10 C7	Lectura reflexiva dos materiais bibliográficos indicados polo profesor. Esta metodoloxía será avaliada no obradoiro e nas discusións dirixidas.	10
Traballos tutelados	A7 A10 B1 B2 C6	Valorarase fundamentalmente a profundidade e o rigor da pesquisa, a clareza expositiva e a calidade expresiva.	20
Presentación oral	B8 B10 C1 C4	Cada estudante deberá facer unha presentación oral do traballo tutelado. Serán valorados os resultados da pesquisa, o rigor expositivo, a calidade da lingua utilizada e os recursos e estratexias expositivas empregadas.	20

Observacións avaliación

Todas as actividades deberán ser entregadas de acordo cos prazos e os procedementos fixados no cronograma que o profesorado fornecerá ao alumnado no inicio das sesións e pendurará na plataforma moodle.

O estudantado a tempo parcial e con dispensa académica realizará ou entregará as actividades obrigatorias nunha data concertada previamente cos profesores. Este alumnado deberá realizar e entregar as mesmas probas e exercicios que o restante e, se non puider asistir ás titorías, deberá pórse en contacto co profesor a través do correo electrónico.

Para superar a materia, será condición indispensable ter realizado e presentado o traballo tutelado e obter unha cualificación mínima de 4 valores sobre 10 no obradoiro.

As persoas que non superaren a materia de acordo coa avaliación continuada deberán entregar en xullo, nas datas marcadas aos efectos de avaliación pola Facultade de Filoloxía, os traballos que foren solicitados e superar tamén aquelas actividades (orais e/ou escritas) que non tiveren superadas.

Será considerado Non Presentado aquel alumno ou alumna que non presentar o traballo tutelado e/ou non participar na realización do obradoiro.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Fernández Rei, Elisa & Regueira, Xosé Luís (eds.) (2008). Perspectivas sobre a oralidade. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega - Hernández Guerrero, José Antonio & García Tejera, María del Carmen (2004). El arte de hablar. Manuel de Retórica Práctica y de Oratoria Moderna. Barcelona: Ariel - Kerbrat-Orecchioni, Catherine (2006). Análise da conversación. Principios e métodos. São Paulo: Parábola - Koch, Ingedore G. Villaça (1992). A inter-ação pela linguagem . São Paulo: Contexto - Merayo, Arturo (2012). Curso práctico de técnicas de comunicación oral. Madrid: Tecnos - Morales, Carlos Javier (2007). Guía para hablar en público . Madrid: Alianza - Ong, Walter (2002). Orality and literacy. New York: Routledge - Regueira Fernández, Xosé Luís (2012). Oralidades: reflexións sobre a lingua falada no século XXI. A Coruña: Real Academia Galega - Studer, Jürg (2000). Oratoria. El arte de hablar, disertar, convencer. Madrid: El Drac - Câmara, J. Matosso (1986). Manual de Expressão Oral & Escrita. Petrópolis: Vozes
----------------------------	---



Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Ballenato Prieto, Guillermo (2013). Comunicación eficaz. Teoría y práctica de la comunicación humana. Madrid: Pirámide- Collard, Gilbert (2012). El arte de hablar en público. Bilbao: Mensajero- Davis, Flora (2011). La comunicación no verbal. Madrid: Alianza- Estrela, Edite et al. (2004). Saber Escrever Saber Falar . Lisboa: Dom Quixote- Domínguez Dapena, Cristina (2004). Técnicas de expresión oral. O uso expresivo da voz. Vigo: Galaxia- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2006). Gramática da lingua galega IV. Gramática do texto. Vigo: A Nosa Terra- Freixeiro, Xosé Ramón & Ríos, Marisol & Filloy, Lucía (eds.) (2008). Lingua e Comunicación. IV Xornadas sobre Lingua e Usos. A Coruña: Universidade da Coruña- Gimeno Terraza, I et ali (2000). Expresión oral. Hablar bien en público. Barcelona: Larousse- López Viñas, Xoán et al. (2010). Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión. A Coruña: Baía- Regueira Fernández, X. L. (2013). Estándar oral e modelos de lingua. A letra miúda 2 (http://coordinadoraendl.org/aletramiuda/index.php?art=art2_n2.html)- Santiago Guervós, J. de (2005). Principios de comunicación persuasiva. Madrid: Arco Libros- Verderker, Rudolph F. (2000). Comunicación oral efectiva. México: International Thompson
------------------------------------	---

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías